



C CULTURAL GAL

FEIRA DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

DOSSIER

PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA
29/30 DE NOVEMBRO, 1 DE DECEMBRO 2013

DE 11H A 21H (VENRES E SÁBADO)
DE 11H A 20H (DOMINGO)

TI CONTAS NO CULTURAL



INTRO

Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, é a gran casa da cultura galega. Un espazo de encontro, unha oportunidade e unha ferramenta. Un punto de encontro no que o sector da cultura mostra a súa forza de conxunto e no que se produce un rico diálogo e intercambio de ideas. Unha oportunidade para presentar novos proxectos e iniciativas ante outras empresas, programadores, institucións e público en xeral, nun escaparate excepcional.

A Feira nace en 2007 e divide a súa historia —non se celebrou en 2009— entre as cidades da Coruña e Pontevedra, aínda que é nesta última onde estabiliza o seu modelo nas últimas edicións. Culturgal mostra ao público xeral e ao especializado as novidades do sector cultural, ofrece un amplo programa de actividades para todos os públicos e implica ao público profesional en iniciativas especialmente destinadas a el. Culturgal converteuse xa nun referente para o sector a para o público que procura na experiencia da Feira, como un valor engadido, un momento de encontro, conversa, intercambio e diversión.

Forman parte de Culturgal as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación

Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

Malia o contexto económico e social, co descenso do consumo e a suba do IVE, Culturgal desenvolve unha nova edición en 2013. O pasado 19 de outubro recibiu o Premio da Crítica á mellor iniciativa cultural. E veñen ao caso as palabras no día seguinte do editor Manuel Bragado, vinculado estreitamente á historia da Feira, nun artigo no *Faro de Vigo*.

Porén, Culturgal é hoxe pola fraqueza do mercado cultural máis necesario ca nunca, razón pola que os diversos sectores empresariais participantes, a pesar da súa diversidade, asumen a estratexia do estorniño, a solidariedade dos chirlosmirlos que adoitan manobrar en bandos atraendo a ollada da veciñanza das cidades. Eis a estratexia da corresponsabilidade deseñada por Xosé Aldea, o coordinador xeral deste Culturgal 2013, que procura a colaboración intersectorial e o protagonismo dos públicos, a primeira razón de ser desta feira.

CANDO E ONDE

PAZO DA CULTURA, RÚA ALEXANDRE BÓVEDA S/N
36005 PONTEVEDRA | 986 833 061
WWW.PAZODACULTURA.ORG

VENRES 29 E SÁBADO 30 DE NOVEMBRO DE 11H A 21H
DOMINGO 1 DE DECEMBRO DE 11H A 20H

A FEIRA NON PECHA A MEDIODÍA

O Pazo da Cultura atópase na rúa de Alexandre Bóveda, a escasos dez minutos do centro urbano e perfectamente comunicado coas principais vías de entrada. Ten un amplo aparcadoiro con capacidade para 1.300 automóviles, polo que o acceso en coche é cómodo e sinxelo. Tanto desde Vigo como desde Santiago ou A Coruña, hai que tomar a saída 129 da AP-9 (Pontevedra Norte) e seguir as indicacións cara á estrada PO-531. Unha vez na PO-531, hai que xirar á esquerda cara á Avenida de Domingo Fontán, tomar a segunda saída na rotonda en dirección Rúa de Juan Manuel Pintos e, de novo, a segunda saída na rotonda cara á N-550. Encontraredes entón o Pazo da Cultura.

En bus

Os autocares da empresa Monbus chegan a Pontevedra desde distintos puntos de Galicia. Podes consultar horarios e frecuencias na web www.monbus.es ou chamar ao teléfono de atención ao viaxeiro desta compañía 902 292 900.

En tren

O tren é o medio ideal para achegarse a Pontevedra desde cidades próximas como Vigo, pero tamén desde A Coruña, Santiago ou Vilagarcía. Podes consultar horarios e frecuencias en www.renfe.es ou chamar ao teléfono de información ao viaxeiro da compañía ferroviaria: 902 320 320 ou ao de venda por internet 902 109 420.

Na cidade

Pontevedra é unha cidade para camiñar, sen grandes costas e cunha ampla área urbana peonalizada. Tamén é un pracer percorrela en bici, pola súa orografía e pola promoción que se fai do seu uso neste concello <http://www.pontevedra.eu/bici/>. Pero entendemos que podes ter cansanzo, problemas de mobilidade ou simplemente dispor de pouco tempo. Nese caso debes saber que Pontevedra conta cunha rede de autobuses urbanos que opera a empresa Grupo As Rías www.grupoasrias.com e que as liñas 2 e 5 van deixarte preto do Pazo da Cultura. Se precisas un taxi podes chamar ao 986 868 585.

CORRESPONSABILIDADE

Neste ano, un máis nun contexto de crise e recortes, a organización de Culturgal, que preside Xulio Amigo, chama á corresponsabilidade compartida entre todos os axentes culturais: institucións, empresas, creadores, xestores e públicos. Remarcar o valor social e económico da acción cultural é unha misión central da feira; Culturgal quere ser unha ferramenta útil no novo escenario no que empresas e axentes culturais deben desenvolver o seu traballo. Estimular a confianza dos diferentes gremios na utilidade da feira, convidándoos ademais a participar activamente na programación, e pulsar os intereses dos diversos públicos que asisten a ela son obxectivos primordiais para a organización. A edición de Culturgal 2013 estará coordinada por Xosé Manuel Aldea, responsable de Ouvirmos, vicepresidente da Asociación Galega de Empresas Musicais e membro da directiva da Asociación Galega de Editores.

Ti contas no Culturgal: entrada corresponsable

O acceso á Feira continua a ser gratuíto pero haberá opción de pagar unha entrada voluntaria. É unha das accións da organización da Feira para concienciar ao público de que a cultura é algo de todas e todos. Non irás coas mans baleiras; a cambio da entrada, recibirás unha chapa que te distinguirá como micropatrocinador de Culturgal.

Redefinindo os espazos

A distribución espacial da Feira experimenta cambios notables nesta edición 2013. Como é habitual, aprovéitanse as enormes posibilidades do recinto e, en xeral, do Pazo da Cultura. Haberá unha carpa no exterior, climatizada, para a música ao vivo. Ademais de proporcionar maior complicitade ao público dos concertos, evítanse interferencias molestas entre espazos. Culturgal contará con Espazo Libro, Espazo Carpa, Espazo Infantil, Espazo Tecnoloxía, Espazo Cinema (unha sala con capacidade para 50 persoas) Espazo Profesional e expandirase por outros recunchos do Pazo e da cidade de Pontevedra.

Premio do Público

Este ano instáurase o Premio do Público Culturgal para aquelas propostas novidasas, con proxección de futuro, transversais e asociativas, que se relacionen directamente coa sociedade civil e fomenten a súa implicación. As tres candidaturas que optan ao Premio do Público son a Asociación puntoGAL, o Festival de Cans e o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Até o 15 de novembro todas as persoas que o desexen poden votar a través da web www.culturgal.com

Culturgal conta co patrocinio de Agadic, Xunta de Galicia, Concello de Pontevedra e Ministerio de Cultura.

ENTIDADES E STANDS

O prazo de reserva de stands para Culturgal 2013 estivo aberto entre o 20 de agosto e o 20 de outubro. Do ámbito do libro proceden boa parte das reservas, 21, mentres que a área infantil e educativa está representada en 11 stands. Tramitáronse ademais dez reservas de espazo para entidades vinculadas á música e outras tantas para a área tecnolóxica. Ademais das institucións e patrocinios que reservaron o seu espazo, tamén concorriron empresas dedicadas á xestión, dinamización ou comunicación cultural, que contan con 8 stands.

É de destacar o espazo de máis de sesenta metros cadrados reservado polo Consello Galego de Cooperativas para esta nova edición, destinado a mostrar o traballo de oito empresas cooperativas do sector cultural galego. En total a Feira conta neste momento con 70 espazos reservados que representan a 77 entidades, empresas, asociacións e proxectos.

STANDS EN CULTURGAL 2013

Agapi
 Airapro S.L
 Asociación Cultural Xingros
 Asociación Galega de Editores
 Asociación Morreu o Demo
 Asociación Oral de Galicia
 Asociación Taller Abierto
 Barafunda
 Boa Música Editora. Fol Música
 Caligrama Libros
 Caracola. Vestidos de conto
 Ciranda Compostela
 Concello de Carballo
 Concello de Ourense. Concellería de Cultura
 Concello de Pontevedra
 Consello Galego de Cooperativas
 Consorcio Editorial Galego
 Coordinadora de Traballadores/as de
 Normalización Lingüística
 CREA (Asociación de directores e
 realizadores de Galicia)
 Cultura Tirante
 Deputación de Lugo. Área de Turismo e
 Cultura
 Dinamo Xestión de Actividades Culturais
 Disquecool
 Edicións do Cumio
 Editorial Galaxia
 Edicións Xerais de Galicia
 Eganet
 Enchufados
 Enxebrebooks S.L
 Escena Galega
 Escola Superior de Arte Dramática (ESAD)
 Espazo Lectura
 Fundación Uxío Novoneyra
 Illa Bufarda
 Implicadas no Desenvolvemento ONG
 Inquedanzas Sonoras
 Ir Indo Edicións
 Kachet Loxística
 Kalandraka Editora
 Librería Pedreira
 Ouvirmos
 OZOCogz
 Paporrubio
 Patas de Peixe
 Pistacatro Produtora de Soños S.L (2 stands:
 Mónica de Nut e Os da Ría)
 Premio do Público
 Producións Teatrais Talía S.L
 Pumpun Dixital
 Radio Galega
 Redelibros
 Revista Luzes
 Rinoceronte Editora
 Sacauntos Cooperativa Gráfica
 Talía Teatro
 Taller Abierto Gestión Cultural
 Televisión de Galicia
 Trécola Teatro
 Triqueta Verde
 Urco Editora
 Urdime Sociedade Cooperativa Galega
 Viravolta Títeres
 Womex
 Xunta de Galicia. Consellería de Cultura,
 Educación e Ordenación Universitaria

PROGRAMA CULTURGAL 2013

O programa de Culturgal 2013 volve mostrar as novidades do sector cultural en Galicia: presentacións de libros, discos, música ao vivo, novos formatos en audiovisual, produtos tecnolóxicos, actividades para público familiar, etc, e unha morea de propostas máis para que a experiencia na Feira sexa completa.

Nesta edición 2013 o espazo da Feira presenta novidades atractivas para artistas e público: unha carpa para os concertos e unha sala de cine con capacidade para 50 persoas na que se mostrarán as novas producións audiovisuais e a potencia dos novos formatos como as webseries.

ESPAZO LIBRO

VENRES 29 NOVEMBRO

13.15h. Encontro co escritor Marcos Calveiro ao redor do libro *Todos somos* (Xerais).

Dirixido a público xuvenil.

17h. Presentación do poemario *Medrar nas mans* de Asun Estévez (Ir Indo).

18h. Revista Oink! A revista do Xabarán Club.

19h. Conversa con Luis Rei Núñez ao redor do libro *Días que non foron* (Xerais).

Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

19.30h. Conversa con Rosa Aneiros ao redor do libro *Ámote Leo A. Destino Xalundes* (Xerais). Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

20h. Conversa co escritor Francisco Castro ao redor do libro *O corazón da Branca de Neve* (Editorial Galaxia). Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

20.30h. Conversa coa escritora Anxos Sumai ao redor do libro *A lúa da colleita* (Editorial Galaxia). Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. Presentación Cantos na Maré. Volve o festival da lusofonía a Pontevedra.

12.30h. Ciranda. À volta do portugués!

Presentación da empresa Ciranda, dedicada a servizos relacionados coa lingua portuguesa.

13h. Presentación libro-disco CoraSons (Kalandraka).

13.30h. Presentación do libro *Contos no nicho* (Urco Editora). Contará coa presenza de varios dos autores deste libro de relatos de terror.

16.30h. Presentación do libro colectivo *O Crânio de Castelao* e do poemario de Teresa Moure *Eu violei o lobo feroz*. (Através Editora)

17.45 h. Presentación de *Novas_ de poesía. 17 poetas*. Fundación Uxío Novoneyra.

18.15h Revista Luzes. Presentación da revista mensual *Luzes* coa participación dalgúns dos seus promotores e colaboradores: Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Iago Martínez, Belén Regueira, María Yáñez e Tati Mancebo.

19h. Conversa con Berta Dávila ao redor de *O derradeiro libro de Emma Olsen*. Premio Repsol Narrativa Breve (Editorial Galaxia). Conduce a presentación a xornalista Teresa Cuiñas.

19.30h. Conversa con Antón Riveiro Coello ao redor do libro *Acordes naufragos* (Editorial Galaxia). Conduce a presentación a xornalista Teresa Cuiñas.

20h. Conversa con Pedro Feijoo ao redor do libro *A memoria da choiva* (Xerais). Conduce a xornalista Teresa Cuiñas.

20.30h. Conversa con Diego Ameixeiras ao redor do libro *Matarte lentamente* (Xerais). Conduce a xornalista Teresa Cuiñas.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Presentación do libro *A nosa botica* de Miguel Mosquera (Edicións do Cumio).

12.30h. Conversa sobre Xosé M. Díaz Castro.

Alfonso Blanco, Armando Requeixo e Oscar Sánchez conversan coa xornalista Montse Dopico.

13.30h. Presentación do libro *Apocalypse zombie* de Manel Loureiro (Urco Editora).

16.30h. Presentación do libro *Como ser reintegracionista sen que a familia saiba* de Eduardo Sanches Maragoto (Edicións do Cumio).

17h. Presentación *Divina de la muerte. Asasinato no centro comercial* de Jorge Emilio Bóveda (Enxebrebooks).

17.30h. Entrega do Premio do Público Culturalgal 2013. Acto festivo de entrega do Premio do Público Culturalgal 2013.

18.30h. Showcase de Najla Shami co seu novo libro-disco *Na lingua que eu falo* (Galaxia).

19h. Conversa con Anselmo López Carreira ao redor do libro *Historia de Galicia* (Xerais). Conduce a xornalista Montse Dopico.

19.30h. Presentación do libro *Vento e chuvia* de Manuel Gago e Manuel Cráneo ao redor do libro *Vento e chuvia* (Xerais).

ESPAZO CARPA

VENRES 29 NOVEMBRO

12.15h. Trogloditas.Tanxarina Títeres. O espectáculo está recomendado a partir de 8 anos.

18h. Entrelazados. Quince músicos sobre o escenario para tres proxectos musicais:

Quinteto Rubato, Hércules Brass e Perkuka. Promove a Asociación Musical Cultura Tirante.

18.30h. O Rei León. Os percusionistas do Quinteto Rubato: Félix Rodríguez, Pepe Varela, Pablo Cabanelas, Jorge Alberto González, e Diego Rosal interpretan varias pezas deste musical nun acto promovido pola Asociación Musical Cultura Tirante.

19.30. Mónica de Nut. Dos fíos invisibles chegan as cores. A cantante e actriz presenta o seu novo traballo discográfico xunto ao guitarrista Virxilio da Silva.

20.30h. Camarada Nimoy. Non son unha banda de surf nin de swing nin de jazz, pero gustan de todos e cada un deses xéneros.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. O asombro. Un espectáculo a partir de textos de Díaz Castro e Novoneyra. Coa interpretación dramática de Inacio Vilariño e musical de Benxa Otero.

12.30h. Bolboreta. Lydia Botana.

13.30h Davide Salvado. «O ladrón de amorosos» é o novo espectáculo de Davide Salvado en formato trío co acordeonista Santi Cribeiro e o percusionista Cristian Silva.

17h. Dandy Lady. O dúo da actriz Iria Pinheiro e o músico Jesús Tejada presenta Desassossego.

18h. Caxade. «Dança dos Moscas» é o título do novo disco de Caxade que se publica en novembro no selo «Discos da Máquina».

19h. Banda Asalto. Baixo o lema «folk fresco», un repertorio alegre e desenfadado.

20h. Presentación ao vivo do disco libro Coraçons (Kalandraka)

DOMINGO 1 DECEMBRO

11.30h. Vivo no libro. Esta proposta de Cinta Adhesiva demostra como un poemario pode saír de xira e converterse nun libro en directo, intenso e cheo de emoción.

12.30h. Scherzando. Cuarteto para clarinete e cordas formado por catro profesores dos Conservatorios de Música de Vigo.

13.30h. Tanxedoras. *Á sombra da oliveira* é a segunda escolma de cancións tradicionais galegas de Tanxedoras.

16.30h. Presentación do disco Alma de 2naFronteira. Carmen Penim, voz, e Maurizio Polsinelli, piano e harmonio, están inmersos na composición de músicas para poesía en galego, tanto clásica como de poetas actuais.

17.30h Radio Cos. Esta banda nace no ano 2005 na cidade da Coruña da man de Xurxo Fernandes e Quique Peón.

18.30h Sergio Tannus. O músico presenta o seu disco «Son brasileiro» no que consegue momentos de gran emoción e complicidade co público.

19.30h. O cabaré da muller paxaro. Estamos ante un musical humorístico e poético con cancións en varias linguas (galego, inglés, francés, alemán e xaponés) e unha intensa interacción co público.

ESPAZO TECNOLOXÍA

VENRES 29 NOVEMBRO

12.30h. Microtaller «Alí e os Macapún».

Neste obradoiro de animación á lectura imos ler en voz ben alta o relato de «Alí e os Macapún», de Paula Merlán (Enxebrebooks), acompañados con material audiovisual que nos facilitará a comprensión da historia.

18h. Sacauntos. Presentación do servizo de imprenta dixital desta empresa na que se abordarán as ferramentas utilizadas e ofreceranse consellos para o tratamento de arquivos.

19h. Presentación da plataforma internacional de micromecenado literario en liña ITH. Promovida desde a Fundación Uxío Novoneyra: www.ithcrowdfunding.org

20h. Bravú XX. Decatáchedesvos de que o movemento musical *bravú* fixo xa vinte anos? Con Xurxo Souto.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. Memoria de Sada. Presentación do proxecto «on line» de arquivo fotográfico da historia de Sada creado por sete cidadáns.

12.30h. Agasallo. A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua presenta a *Guía de regalos en galego en liña.*

13.30h. Presentación libro-disco Caxade.

17h. Off Culturgal 9x9. Nove ideas e nove minutos para presentar cada unha delas. A revista dixital de tendencias Disquecool

repite colaboración con Culturgal.

19h. Presentación Concertos TAC 3.0. Unha proposta nova do sempre sorprendente Taller Atlántico Contemporáneo. Un ciclo de cinco concertos entre xaneiro e maio de 2014 a prezo «low cost».

20h. Estruming Days. Presentación de encontros interprofesionais dirixidos a empresas e entidades que dinamicen económica e socialmente o rural.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Presentación da cooperativa GZI de Cultura Libre. GZI é unha Cooperativa de Cultura Libre que xorde do tecido asociativo e creativo «en Galiza. Suprimir»

13h. Presentación proxecto web Cemiterios históricos. Poden ser os cemiterios un recurso turístico de importante atractivo? A empresa Etnoga presenta unha innovadora plataforma web.

13.30h. O primeiro xoguete do Xabarán Club. A empresa Galileo Nenos en colaboración coa TVG presenta A Escola de Escritura con Xabarán, dirixido a rapazada entre 3 e 6 anos.

17h. Presentación do libro *Baixo a lona preta. Xornal de viaxe dun brigadista na Bahía do MST* de Xosé García Rodríguez. O libro, publicado por Editorial Estaleiro, está vinculado ao proxecto Xanela aberta ao Sur.

18h. Foro sobre financiamento colectivo ou crowdfunding. Promoven o asesor en educación e tecnoloxías Pablo Nimo e o experto en ordenación territorial David Santomil.

19h. Presentación da Asociación Cultural Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego. Co fin último de acadar a súa revitalización e a recreación da figura de Barriga Verde.

ESPAZO CINEMA

VENRES 29 NOVEMBRO

16h. A linguaxe dos bosques. Curtametraxe. Coloquio tras a proxección con Rafael Zas, e Luis Sampedro, investigadores Misión Biolóxica de Galicia-CSIC

16.30h. Presentación documental Uxío Novoneyra: poeta alén. Participan Ivan Gimeno, director, e Álvaro Liste, produtor, que introducirán unha versión reducida do documental para Culturgal.

17h. Pacios. As fotos da memoria. Documental. Coloquio posterior con Manuel Darriba, guionista e director, e Toño de López, protagonista principal.

18.30h. Os increíbles. Documental. Asisten Luisa Romeo e Sergio Frade, produtores executivos.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. A tropa de trapo. Animación Nominada aos «Goya» 2011 como mellor longametraxe de animación. Asiste Chelo Loureiro, produtora executiva. Para público infantil.

Maratón webseries

Proxección dun capítulo de cada unha e coloquio con actores e directores

16.30h. Fame

17h. PIB

17.30h. Clases de lo social

18h. El Quid

18.30h. Entre pipas

19h. Angélica e Roberta

19.30h. El viudo quiere mimos

20h. Canillejas

DOMINGO 1 DECEMBRO

11h. A última viaxe do afiador. Documental. Asisten Aitor Rei, director e guionista, Miguele de Currás, director de fotografía, e Laura Parro, produtora.

12.30. Charles White in London. Documental. Asisten o actor Carlos Blanco e o director de fotografía, Marcos Martínez.

16h. O instante eterno. Documental. Asisten o director Xosé Antón Cascudo e o presidente da Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, Alfonso Blanco

17h Cambia de papel. Documental. O actor Luis Tosar cambia o seu papel para poñerse detrás da cámara como director da man da ONG Implicadas no Desenvolvemento.

18h. Somos gente honrada. Ficción. Película protagonizada por Miguel de Lira e Paco Tous coa produción de Vaca Films.

ESPAZO INFANTIL

VENRES 29 NOVEMBRO

11.15 h. Rinocerontes e Quimeras. Obradoiro de creación literaria co escritor Marcos Calveiro para rapazas e rapaces a partir de 11 anos.

12.15h. As crónicas de Landereina. Presentación con centros de ensino.

13.30h. Encontro co escritor Manuel Lourenzo González ao redor do libro *Flor de area*.

17h. RodariRodari (Contos do tranvía). Un espectáculo de narración oral a cargo de Fantoche Baj, con acompañamento musical.

18h. O Crebanoces. Presentación do espectáculo para títeres inspirado no conto de Hoffmann e pensado para o disfrute de nenas, nenos e persoas adultas. Para toda a familia.

19.30h. 3, 2, 1... Teatro Ghazafellos. Presentación da nova montaxe desta compañía ferrolá especialista en montaxes para público infantil e familiar.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

11.30h. Contacontos Científicos: As mellores vacacións do Rei Neptuno.

12h. A familia Pindirico. Dinamo Teatro. Espectáculo cómico para todos os públicos.

12.45h. O pan de millo. Migallas Teatro. Este libro disco publicado por Kalandraka e dirixido a público familiar en que Migallas Teatro reúne 14 cancións infantís e versións de temas tradicionais.

13.30h. Împreun. Un espectáculo de Pistacatro que descubre ao espectador a vida interior do circo a través das vivencias dunha troupe de 7 artistas.

16.30h. Os tres TENEedORES. Neste espectáculo para público infantil xógase co coñecemento sobre as distintas familias de instrumentos, estilos musicais máis relevantes, instrumentos de refugallo, variadas coreografías...

17.30h. Conto *O raposo e a mestra coa música de Cé Orquestra Pantasma*. O autor Manuel Rivas cóntalle este conto (Edicións Xerais) a nenos e nenas. Pero non estará só senón acompañado dun home orquestra de nome Cesar Freiría.

18.30h O Gatuxo. Presentación do novo proxecto músico-teatral de Magín Blanco para bebés.

19.45h O meu marabilloso sombreiro (Edicións do Cumio). Presentación das cantigas en galego e xaponés que acompañan a este conto, de Akiko Ishihara e Suevia Sobral.

DOMINGO 1 DECEMBRO

11h. Encontro con Tanxarina: Os bonecos de Tanxarina falan galego. Estrea. Tes curiosidade por coñecer dunha forma directa o traballo dun titiriteiro e que é o que fai unha compañía de teatro?

12.15h. Contos e outras andrómenas. Sesión de contacontos de Pedro Brandariz para nenas e nenos de 0 a 99 anos.

13h. Pedaciños de ceo. Presentación deste disco vinilo (sí, vinilo!) cheo de exploración, paisaxes sonoras e viaxes editada pola Aula

Folque Infantil (AFI) de Pontevedra, que celebra o seu décimo aniversario.

16.30h. Presentación do libro Rafael Fernández (Ir Indo)

17h. Contacontos Triqueta Verde.

Presentación dos novos títulos «Chímpate Pepa!», «Paolo e o misterio da Cerdeira» e «Os Lunares de Lola» cunha sesión de contacontos a cargo de Paula Carballeira.

18h. Cartas que veñen e van. Susa Herrera e Gloria Roel de Mamá Cabra interpretan temas do seu novo libro CD (Galaxia).

19h. Tambo. Presentación das cantigas que acompañan este conto multimedia de Laura García e Víctor A. Castro (Edicións do Cumio).

ESPAZO PROFESIONAL

VENRES 29 NOVEMBRO

11h. Presentación Music Managers Forum.

Sala de conferencias Culturgal

17h. Asamblea Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural. Sala de conferencias Culturgal

17h. Debate «Culturgal e o modelo futuro das feiras profesionais da cultura». Sala de conferencias Culturgal. Organiza: Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural

SÁBADO 30 NOVEMBRO

11h. Conferencia: Educación Bimodal, a importancia dun plan didáctico para a aula

na era de internet. «Cacharros sen máis, non». Imparte Pere Marquès. Organiza Culturgal e Asociación Galega de Editores. Salón de Actos Pazo da Cultura

12h. Encontro «A produción editorial galega, rede de librerías e bibliotecas escolares». Sala de Conferencias Culturgal

12.30h. Mesas de experiencias: do uso das TIC no ensino. Organiza Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDI). Salón de actos Pazo da Cultura

16.30h. Presentación: ferramentas formativas on line. Organiza Asociación Galega de Editores. Salón de actos Pazo da Cultura.

16.30h. Presentación: novidades en produto editorial. Sala de conferencias Culturgal.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Mesa redonda «Crear en crise, fórmulas para a supervivencia». Organiza CREA, Asociación de Directores e Realizadores de Galicia. Salón de actos Pazo da Cultura

12h. Encontro de clubs de lectura: Xestionar a Lectura. Organiza Asociación Espazo Lectura. Sala de conferencias Culturgal.

OUTROS ESPAZOS CULTURGAL

VENRES 29 NOVEMBRO

11.30h. Obradoiro infantil de construción escenografías da ESAD

20.30h. Happy End. Voadora. Unha peza de microteatro ideada para un espazo íntimo. Happy End é un pequeno conto sobre o amor, unha microcomedia romántico-musical ao estilo Voadora. Entrada desde hall a sala exposicións Pazo da Cultura.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. Titiricleta. Un proxecto ecolóxico, solidario e dunha grande beleza. E, ademais, itinerante. Do contacontos Anxo Moure.

20.30h. Happy End. Voadora. Unha peza de microteatro ideada para un espazo íntimo. Happy End é un pequeno conto sobre o amor, unha microcomedia romántico-musical ao estilo Voadora. Entrada desde hall a sala exposicións Pazo da Cultura.

21.30h. Concerto Kepa Junkera.
Presentación do disco «Galiza». Auditorio Pazo da Cultura. O gran músico vasco presenta en exclusiva o novo disco (Do Fol-Boa Records) e faíno en Culturgal rodeado dunha chea de colaboradores.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Toc Toc. Auditorio Pazo da Cultura
13h. Fitness. Ibuprofeno Teatro. Un

espectáculo itinerante no que a pallasa Marián Bañobre percorre en bicicleta os espazos públicos.

17h. Xango. Talía Teatro. Auditorio Pazo da Cultura. Un espectáculo de mimo e clown dirixido a público entre 7 e 12 anos.

Ademais durante os 3 días de Culturgal terán lugar varias exposicións no recinto.

CULTURGAL DE PORTAS PARA FÓRA

VENRES 29 DE NOVEMBRO

21.30h. Snakizados. Áncora Producións. Teatro Principal.

22.30h. Concerto Zënzar. Sala Karma. O grupo de Cerceda celebra o seu 25 aniversario.

SÁBADO 30 DE NOVEMBRO

12h. O príncipe e o parrulo. Teatro Principal. Espectáculo de títeres recomendado a partir de 3 anos.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Concerto para 111 bicicletas. Taller Atlántico Contemporáneo. Neste concerto os instrumentos serán as buguinas das bicicletas, que interpretarán a peza Eine Brise, de Mauricio Kagel.

20.30h. O país do Pato Donald. Compañía Lagarta Lagarta. Teatro Principal. Estrea en Pontevedra.

INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

ESPAZO LIBRO

VENRES 29 NOVEMBRO

13.15h. Encontro co escritor Marcos Calveiro ao redor do libro *Todos somos* (Xerais).

Dirixido a público xuvenil. A desaparición de Natalia transtorna a vida daquelas persoas da súa contorna. Como Antón, a quen os pais non permiten baixar o lixo á noite desde que a rapaza de doce anos desapareceu. Unha novela para facer pensar sobre temas que, tristemente, están de plena actualidade. O autor aborda as pescudas policiais, o tratamento dos medios de comunicación ante a desaparición e introduce a personaxe da investigadora Lina Souto.

17h. Presentación do poemario *Medrar nas mans de Asun Estévez* (Ir Indo).

Neste poemario, Asun Estevez, reincide no seu amor pola natureza, expresando un sentimento de soidade, que no fondo contén unha lexítima alegría de vivir. Ademais de soidade hai amor á patria, á lingua galega, tenrura ante os nenos, reivindicacións dos dereitos da muller...A súa mensaxe poética está dotada de sutileza e enerxía.

18h. Revista Oink! A revista do Xabarán Club. As nenas e nenos galegos xa teñen unha revista pensada para eles. Reportaxes, artigos, entrevistas, novas... todo pensado para as mentes inxugas e co único obxectivo de acender a súa curiosidade

polo mundo. E todo contando cos mellores ilustradores e viñetistas de Galicia. O Xabarán Club, un dos espazos máis populares da tele galega, sae da televisión para seguir deleitando ao seu público no papel e na rede.

19h. Conversa con Luis Rei Núñez ao redor do libro *Días que non foron* (Xerais).

Sete historias dispares con personaxes situados en distintos momentos da historia recente compoñen a nova entrega literaria de Luis Rei Núñez. En palabras de Armando Requeixo: «Hai neste libro, por tanto, un eixe de abscisas e outro de coordenadas que percorre e da unidade ao conxunto: dunha banda, son todas sete historias que atravesan un século, dende a Penguerra ata as proximidades da actualidade. Doutra, dáse nas mesmas un sutil confluír de augas do memorístico individual e colectivo, que se mesturan e retroalimentan constantemente». Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

19.30h. Conversa con Rosa Aneiros ao redor do libro *Ámote Leo A. Destino Xalundes*

(Xerais). Con esta novela a autora pon en marcha unha triloxía cunha personaxe central que, tras rematar os estudos universitarios, viaxa por Lisboa, Barcelona, Granada, Marrakech, O Cairo e Istambul perseguida por unha enigmática pintada «Ámote Leo A». Terá que resolver o enigma ao mesmo tempo que descubrirá que a realidade supera ocasións aos mellores soños. Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

20h. Conversa co escritor Francisco Castro ao redor do libro *O corazón da Branca de Neve* (Editorial Galaxia). O novo traballo do escritor vigués publicouse en entregas no periódico La Voz de Galicia, tras ser premiado no certame que cada verán convoca este xornal. Reunidos os escritos nun volume que edita Galaxia, o lector atoparase cunha historia de suspense que arranca cando alguén entrega a un home chamado Alberto, na rúa, un bebé de procedencia descoñecida. Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

20.30h. Conversa coa escritora Anxos Sumai ao redor do libro *A lúa da colleita* (Editorial Galaxia). A escritora de Catoira gañou con esta novela o premio García Barros 2013 que outorga o concello da Estrada. O xurado definiuna como unha novela de personaxes, cunha arquitectura perfecta que os conduce a finais inesperados. En palabras da novelista, a obra aborda «a cuestión de identidade e a maneira de percibir a realidade que pode xerar incertezas, é dicir, dúas persoas poden interpretar un episodio de distinta maneira». Conduce o acto o xornalista Camilo Franco.

SABADO 30 DE NOVEMBRO

12h. Ciranda. À volta do portugués! Presentación da empresa Ciranda, dedicada a servizos relacionados coa lingua portuguesa. Que pon o foco no valor do portugués na actualidade e a súa

desmitificación. Participan Loaira Martínez Rey e Xurxo Nóvoa Martins.

12.30h. Presentación Cantos na Maré.

Volveo festival da lusofonía a Pontevedra e encargaranse de contarnos as novidades a coordinadora Uxía Senlle, o produtor Paco de Pin e a concelleira de Cultura de Pontevedra, Anxos Riveiro.

13h. Presentación libro-disco CoraSons

(Kalandraka). CoraSons é unha experiencia artística que xurdiu nas redes sociais e inicialmente materializouse nunha exposición de fotografías de Isabel Leal e máis nun recital coa participación de varios músicos na Casa das Crechas de Santiago de Compostela. A ese encontro seguiuille un concerto celebrado na Illa de Arousa ao que se sumaron máis de corenta intérpretes, e que se plasmou nun documental gravado por Paco Abelleira. Participa a directora do proxecto Uxía Senlle.

13.30h. Presentación do libro *Contos no nicho* (Urco Editora). Contará coa presenza de varios dos autores deste libro de relatos marcado pola escuridade e o terror.

16.30h. Presentación do libro colectivo *O Crânio de Castelao e do poemario de Teresa Moure *Eu violei o lobo feroz**. A través Editora. «O Crânio de Castelao» é unha novela en entregas escrita por 11 autores galegos e de países lusófonos, nunha especie de diálogo entre a literatura galega e o mundo da lusofonía. Cada capítulo ten o o

seu autor: aos galegos Carlos Quiroga, Antón Lopo, Suso de Toro, Quico Cadaval, Xavier Queipo e Xurxo Souto, súmanse Miguel Miranda (Portugal), Bernardo Ajzenberg (Brasil), Germano Almeida (Cabo Verde), Possidónio Cachapa (Portugal) e Luís Cardoso (Timor). Por outra parte, «Eu violei o lobo feroz» de Teresa Moure, é o primeiro libro de poemas de Teresa Moure. Unha singular Carrapuchiña Vermella reconstrúe e constrúe a súa historia e identidade através de confesións cando é retida por terrorismo ecolóxico.

17.45h. Presentación de *Novas de poesía. 17 poetas*. Fundación Uxío Novoneyra. Trátase dunha mostra consultada da última poesía galega. A tradutora e poeta Ana Gorriá reuniu 17 poetas nomeados por especialistas e traduciu 5 poemas de cada un en versión bilingüe galego-castelán. Lucía Novas, Baldo Ramos, Antía Otero, Xavier Lama, Daniel Salgado, Elvira Ribeiro, Mariña Pérez Rei, Dores Tembrás, Olalla Cociña, Mario Regueira, Xiana Arias, Oriana Méndez, Rosa Enríquez, Diana Varela Puñal, Carlos Fontes, Branca Novoneyra e Gonzalo Hermo son os poetas elixidos para esta edición especial que ten como obxectivo divulgar a vitalidade da poesía galega actual.

18.15h Revista Luzes. Presentación da revista mensual *Luzes* coa participación dalgúns dos seus promotores e colaboradores: Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Iago Martínez, Belén Regueira, María Yáñez e Tati Mancebo.

19h. Conversa con Berta Dávila ao redor de *O derradeiro libro de Emma Olsen*.

Premio Repsol Narrativa Breve (Editorial Galaxia). No pasado mes de setembro a autoría facíase con este premio destacando o xurado que o seu traballo é «un exemplar moi interesante dun subxénero literario típico da literatura inglesa». A acción, segundo narra Berta Dávila «acontece nunha vila que está a 300 quilómetros de calquera outro mundo civilizado, e céntrase nunha escritora que volve á súa vila natal para contar e poñer por escrito unha historia que nunca se atrevera a contar, de aí o título». Conduce a presentación a xornalista Teresa Cuiñas.

19.30h. Conversa con Antón Riveiro Coello ao redor do libro *Acordes naufragos* (Editorial Galaxia).

É este un libro de relatos, fantásticos os máis deles, enfiados pola traxedia do naufraxio e tocados case sempre pola vea amorosa e sentimental dos seus protagonistas. Textos que evocan e recrean non só feitos históricos, coma o afundimento do vapor correo Santa Isabel na ría de Arousa en 1921, senón tamén lendas do río Limia, o amor tráxico dunha santeira cubana ou mesmo os tratos dunha nena con Valle-Inclán. Relatos todos eles que ofrecen una visión imaxinativa e sensible de seres solitarios. Conduce a presentación a xornalista Teresa Cuiñas.

20h. Conversa con Pedro Feijoo ao redor do libro *A memoria da choiva* (Xerais).

Volve ao Culturgal tras o éxito de *Os fillos do mar*. Neste novo libro cheo de intriga un

xornalista terá que investigar unha cadea de asasinatos e averiguar cal é o seu papel en toda a historia. Unha novela de amor e de odio. Unha trama que, sobre todo, procura o entretemento dos lectores. Conduce a xornalista Teresa Cuiñas.

20.30h. Conversa con Diego Ameixeiras ao redor do libro *Matarte lentamente* (Xerais). De novo a realidade da nosa contorna inspira ao escritor ourensán para construír a súa nova novela. Desta volta, a estafa bancaria das preferentes é o detonante da trama. *Matarte lentamente* consolida a liña de modernización radical da novela negra que Diego Ameixeiras abriu en novelas anteriores como *Dime algo sucio*, *Historias de Oregón* e *Todo OK*. Conduce a xornalista Teresa Cuiñas.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Presentación do libro *A nosa botica* de Miguel Mosquera (Edicións do Cumio). Sabías que é posible que moi preto da casa atopas plantas con propiedades curativas? Neste libro de plantas medicinais asequibles na contorna, con fotos para identificalas e emprego das plantas nas distintas enfermidades, atopamos información valiosa e moi descoñecida sobre remedios naturais. O autor fará unha selección para ilustrar o valor terapéutico da natureza.

12.30h. Conversa sobre Xosé M. Díaz Castro. Alfonso Blanco, Armando Requeixo e Oscar

Sánchez conversan coa xornalista Montse Dopico. Unha actividade para afonda na vida e obra do autor de *Nimbos*, homenaxeado o vindeiro ano no Días das Letras Galegas.

13.30h. Presentación do libro *Apocalipse zombie* de Manel Loureiro (Urco Editora). O éxito de vendas en castelán de Manel Loureiro pásase ao galego coa presentación deste primeiro volume da saga. Xornalista, escritor e avogado de Pontevedra, Loureiro comezou esta saga no seu blog, trasasándoa ao papel en 2007 en castelán. A versión electrónica en inglés deste libro acadou o número 1 de vendas en literatura de horror na plataforma Amazon, por diante de autores como Stephen King.

16.30h. Presentación do libro *Como ser reintegracionista sen que a familia saiba* de Eduardo Sanches Maragoto (Edicións do Cumio). Baixo este título divertido atoparemos un material con explicacións, exercicios e solucións sobre unha alternativa que o acordo lingüístico de 2003 permitiu e que achega á fala portuguesa.

17h. Presentación *Divina de la muerte. Asasinato no centro comercial* de Jorge Emilio Bóveda (Enxebrebooks). É esta unha novela curta enfocada tanto ao público adolescente como ao adulto. Unha novela de xénero detectivesco con dose de humor e retranscrición galega na que non falta unha sutil crítica ao sistema consumista e á sociedade, todo iso a través da figura dun investigador atípico.

17.30h. Entrega do Premio do Público Culturalgal 2013. Acto festivo de entrega do Premio do Público Culturalgal 2013.

18.30h. Showcase de Najla Shami co seu libro-disco *Na lingua que eu falo* (Galaxia). Cantora e compositora nacida en Compostela, filla de tres culturas: palestina, galega e argentina, creceu entre Galicia e Kuwait. *Na lingua que eu falo* recolle poemas de Rosalía de Castro musicados pola propia Shami. A música de Shami, elegante e sobria, enérxica cando ten que ser, coma un río maino cando cómpre, enmarca á perfección o espírito rosaliano deste diálogo entre dúas autoras que se atopan neste século XXI no que os grandes temas da poeta siguen a ser os que nos enchen a alma hoxe en día.

19h. Conversa con Anselmo López Carreira ao redor do libro *Historia de Galicia* (Xerais). Focalizada desde unha perspectiva na que Galicia constitúe o seu propio centro, e cunha clara intención divulgativa, esta *Historia de Galicia* de Anselmo López Carreira recolle e sintetiza as achegas proporcionadas polo conxunto de historiadores que ofrecen ao país unha imaxe coherente de si mesmo e pretende ser un elemento útil na construción desta comunidade de convivencia que é a nación galega. Conduce a xornalista Montse Dopico.

19.30h. Presentación do libro *Vento e chuvia* de Manuel Gago e Manel Cráneo (Xerais). O xornalista e divulgador Manuel Gago imaxina os sonhos, as lendas e os mitos

da Idade do Ferro, como un reporteiro de viaxes que leva a súa gravadora ao interior destas cabanas castrexas. Un minucioso traballo de documentación histórica foi o paso previo para deixar voar a imaxinación e entrar nun universo cultural mítico, onde o vento e a chuvia nos traen versos, memorias e a recuperación de centos de nomes de persoas, cidades e seres míticos da Galicia previa á invasión romana, ata agora descoñecidos polo gran público. As ilustracións de Manel Cráneo recrean este mundo con formas e cores poderosas que nos fan viaxar no tempo. Conduce o acto a xornalista Montse Dopico.

ESPAAO CARPA

VENRES 29 DE NOVEMBRO

12.15h. Trogloditas. Tanxarina Títeres. Dous lanzadores de menhires, un levantador de pedras ou un faquir que atravesas o seu corpo cun tronco. Monicreques de varas que fan rir a grandes e pequenos, mesturados coa intervención actoral dos tres personaxes condutores da representación. Coñeceremos a través do humor e dos monicreques o modo de vida dos homes e mulleres das cavernas. Dirixida por Evaristo Calvo e Tanxarina, a obra conta cos actores e manipuladores de monicreques Miguel Borines, Eduardo Rodríguez e Andrés Giráldez. O espectáculo está recomendado a partir de 8 anos.

18h. Entrelazados. Quince músicos sobre o escenario para tres proxectos musicais: Quinteto Rubato, Hércules Brass e Perkuka. Entrelazados é un proxecto músico-artístico que mestura, coma se de unha proposta renacentista se tratase, o mellor das artes visuais e das musicais, nun espectáculo de tres actos no que o momento musical das composicións tocadas polas agrupacións porá o punto de partida ás intervencións de tres artistas plásticos con estilos moi diferentes. Promove a Asociación Musical Cultura Tirante.

18.30h. O Rei León. Este musical nace na Escola de Música Coda de Vilagarcía o pasado ano. O Rei León é unha historia na que se enfrontan o ben e o mal con cancións inesquecibles, máscaras incomparables e grandes actuacións dos intérpretes. Maxia nas voces e impacto visual. Os percusionistas do Quinteto Rubato: Félix Rodríguez, Pepe Varela, Pablo Cabanelas, Jorge Alberto González, e Diego Rosal interpretan varias pezas nun acto promovido pola Asociación Musical Cultura Tirante.

19.30. Mónica de Nut. Dos fíos invisibles chegan as cores. A cantante e actriz presenta o seu novo traballo discográfico xunto ao guitarrista Virxilio da Silva. Nesta proposta musical e escénica os dous artistas continúan a liña de traballo do seu anterior disco mesturando a linguaxe do jazz, as dinámicas da música clásica, a experimentación cos sons acústicos e electrónicos e a música de raíz galega. No

disco colaboran ademais Marcelo DoBode na percusión tradicional e Javi GDJazz na trompeta e fliscorno. A esperanza está no inesperado.

20h. Camarada Nimoy. Non son unha banda de surf nin de swing nin de jazz, pero gustan de todos e cada un deses xéneros. Tampouco os seus membros son uns fanáticos trekkies de orellas en punta, pero están fascinados pola vasta multitarefa musical e poética de Leonard Nimoy, maiormente coñecido polo seu papel de Dr. Spock en Star Trek. Camarada Nimoy son: Pablo Muñiz, baixo, Gontxu Muiños, guitarra eléctrica, Diego de Luis, batería, e Paulo Pascual, guitarra eléctrica e o theremin e están a presentar o seu primeiro disco vinilo.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

11.30h. O asombro. Un espectáculo a partir de textos de Díaz Castro e Novoneyra. Coa interpretación dramática de Inacio Vilariño e musical de Benxa Otero.

12.30h. Bolboreta. Lydia Botana

13.30h Davide Salvado. «O ladrón de amorosos» é o novo espectáculo de Davide Salvado en formato trío co acordeonista Santi Cribeiro e o percusionista Cristian Silva. Un repertorio 100% tradicional galego, baseado no canto e a pandeireta, cunha visión contemporánea e innovadora no que a

parte estética cumpre tamén un importante papel inspirada nos fermosos deseños do artista William Morris.

17h. Dandy Lady. O dúo da actriz Iria Pinheiro e o músico Jesús Tejada presenta *Desasossego*, un espectáculo que emprega a tecnoloxía dos anos 70: un proxector de diapositivas, radiocassettes, transistores, un pick up, unha máquina de escribir, etc, para falar do desacougo a través da poesía e a música. O título do espectáculo ven do libro homónimo de Pessoa, os textos son poemas dun grupo de autoras galegas e do resto da península e cada tema musical foi composto expresamente para cada poema, utilizando os sons «desacougantes» dunha máquina de escribir, dunha cámara de fotos analóxica, de zapatos de tacón, do ambiente dun centro comercial...

18h. Caxade. Presentación oficial de «Dança dos Moscas», novo disco de Caxade que se publica en novembro no selo «Discos da Máquina». Así define o músico a súa proposta: «Música elegante, modesta e sinxela. Discurso metafórico e reivindicativo cun arrecendo de surrealismo posmodernista». No escenario: Alonso Caxade (voz e acordeón), Xosé Tunhas (batería), Manu Painó (trompeta e carillon), Manu Espiño (bombardino) e Maria da Pontragha (pandeira e voz).

19h. Banda Asalto. Baixo o lema «folk fresco», Banda Asalto nace en 2011 froitas das inquedanzas de seis músicos de

diferentes estilos con amplo coñecemento da música tradicional galega. O repertorio, alegre e desenfadado. Música do mundo feita en Galicia. Banda Asalto son: Javier Rabanal, Franc Gorriz, Sarunas Pupelis, Samuel Macia, Jaime Rebollo e Miguel Fraguas.

20h. Presentación ao vivo do disco libro *Coraçons (Kalandraka)*. Este libro-disco inclúe a participación de músicos como Magín Blanco, Xoán Curiel, Najla Shami, Aline Frazão ou Sergio Tannus. Unha representación deles, encabezada pola directora artística do proxecto Uxía Senlle, ofrecerán ao vivo unha selección musical destes *Coraçons*.

DOMINGO 1 DECEMBRO

11.30h. Vivo no libro. Esta proposta demostra como un poemario pode sair de xira e converterse nun libro en directo, intenso e cheo de emoción. Silvia Penas e Jesús Andrés Tejada, ou o que é o mesmo Cinta Adhesiva, repártense os papeis: os textos de Silvia Penas van dotando de significado as melodías, os ritmos, a cadencia da música de Jesús Andrés Tejada. Cinta Adhesiva pretende cuestionar os límites entre as disciplinas artísticas, introducir a poesía como elemento vivo e dialogante, nun espectáculo que xoga coa música estendida até o ruído e tamén até o silencio, enchendo toda clase de ocos de intensidade e deixando espazos abertos de posibilidades.

12.30h. Scherzando. Cuarteto para clarinete e cordas formado por catro profesores dos Conservatorios de Música de Vigo, avalados por unha gran experiencia e formación, co obxectivo é interpretar e dar a coñecer a integral das obras escritas para este conxunto (Schubert, Mozart, etc) e ofrecer unha alternativa ás programacións habituais nas salas de concertos. Scherzando son Marta Sancho, clarinete, Marta Vélez, violín, David López, viola e Álvaro Quintanilla, chelo.

13.30h. Tanxedoras. *Á sombra da oliveira* é a segunda escolma de cancións tradicionais galegas de Tanxedoras. Un disco que transmite a forza do legado musical dos devanceiros, que pasou de xeración en xeración ata chegar aos nosos días. A andaina de Tanxedoras comeza no 2003, conformando no percurso dos anos un rico repertorio adquirido de informantes e cancioneiros, interpretado sen artificios e mantendo intacta a súa esencia. Tanxedoras son: Tere, voz e percusións, María, voz e percusións. Margó voz, percusións, acordeón e gaita en Do, Leni voz, percusións, acordeón e gaita en Si e Ioli, voz e percusións.

16.30h. Presentación do disco *Alma de 2naFronteira*. Carmen Penim, voz, e Maurizio Polsinelli, piano e harmonio, están inmersos na composición de músicas para poesía en galego, tanto clásica como de poetas actuais. Entre os seus traballos de composición destaca a musicalización de *Seis poemas gallegos* de García Lorca, ou a de extractos de *Cantares Gallegos* de

Rosalía, así como tamén de poemas do poeta portugués Fernando Pessoa. Sen esquecer outros nomes como Paz Andrade, Celso Emilio, Curros ou Rivas. Proxectos todos eles representados no último traballo *Alma*.

17.30h Radio Cos. Esta banda nace no ano 2005 na cidade da Coruña da man de Xurxo Fernandes e Quique Peón. Cantantes e percusionistas do grupo, eles son dous Referentes no eido da investigación etnográfica en Galicia. As melodías utilizadas neste proxecto pertencen aos seus arquivos de gravacións de campo, traballo que levan facendo portodo o país desde hai máis de trinta anos. Radio Cos son: Quique Peón, voz, pandeireta, maracas, bombo, crótalos, triángulo; Xurxo Fernandes, voz, pandeireta, pandeira, bombo, prato turco, lata; Nikolay Velikov, violino; Xan Pampín acordeón, e Pedro Lamas, gaita, saxo tenor e dulzaina.

18.30h Sergio Tannus. O músico presenta o seu disco «Son brasileiro» no que consegue momentos de gran emoción e complicitade co público. Sérgio Tannus é un dos mais completos artistas da safra brasileira. Virtuoso e autodidacta, o músico foise perfeccionando na búsqueda de novas sonoridades sen deixar de lado a súa brasilidade. Dende 2006 vive en Santiago de Compostela, dende onde divulga o seu traballo de multi-instrumentista e cantautor. Sérgio Tannus, voz, guitarras, cavaquinhos e pandeiro, Gutier Álvarez, violín, sanfona, gaita e frutas, e Paulo Silva, percusión e coros.

19.30h. O cabaré da muller paxaro. Estamos ante un musical humorístico e poético con cancións en varias linguas (galego, inglés, francés, alemán e xaponés) e unha intensa interacción co público. Con texto de Miguel Mosqueira e dirección de Willy Eter, está interpretado por Paku Granxa (como Fevvers, a Muller Paxaro) e dous músicos en directo: Brandán Lourenzo á guitarra e Marcos Represas ao clarinete. Unha muller particular, un escenario de decadencia e arrabaldos urbanos, unha proposta entre o *freak* e o glamour.

ESPAZO INFANTIL

VENRES 29 NOVEMBRO

11.15h. Rinocerontes e Quimeras. Obradoiro de creación literaria co escritor Marcos Calveiro para rapazas e rapaces a partir de 11 anos. Houbo un tempo no que o máxín substituíra ao coñecemento. No que se soñaban quimeras que renacían cada día das súas cinzas, no que os rinocerontes eran tomados por lendarios unicornios. Un tempo no que a palabra cativaba ao público e o facía viaxar polo universo coa ollada inocente dun neno. Volvamos recuperar ese tempo. Creemos quimeras, soñemos con unicornios.

12.15h. As crónicas de Landereina. Presentación con centros de ensino. Sabela González é escritora de *As crónicas de*

Landereina (Editorial Galaxia), unha triloxía que comeza co libro *Bágoa de Lúa* e a historia da amazona Berenguela. Durante corenta anos, Landereina sufriu baixo o poder do malvado Wiasmau. O reino xa está recuperado, pero a historia está a piques de se repetir, a menos que alguén consiga destruír a poderosa Pedra de Lúa. A escritora Sabela González atrapa aos novos lectores cunha historia na mellor tradición da literatura fantástica que narra desventuras de territorios e tempos imaxinados.

13.30h. Encontro co escritor Manuel Lourenzo González ao redor do libro *Flor de area*. Dirixido a público xuvenil. *Flor de area* (Xerais) é a historia dunha moza iraquí que, destinada a ser a doce esposa dun persoeiro principal, se atreveu a rachar coa inercia para exercer de muller, de nai, de traballadora, de amante, de patriota, na cerna dunha sociedade conservadora e baixo a opresión da dominación estranxeira. Obra que continúa o relato comezado en *Irmán do vento* (Xerais, Premio Merlín 2003), *Flor de area* é tamén a crónica dunha vivencia da guerra desde o lado dos outros

17h. RodariRodari (Contos do tranvía). Un espectáculo de narración oral a cargo de Fantoche Baj, con acompañamento musical, no que se emprega o conto tradicional, a tradición dos contos de Gianni Rodari, e os monicreques para, partindo da domesticación de un animal como o burro, chegar ó uso ou abuso das novas tecnoloxías. O tranvía de Marín será o vehículo no que o narrador Inacio

Vilariño e o acordeonista Carlos Quintá nos transportarán.

18h. O Crebanoces. Presentación do espectáculo para títeres inspirado no conto de Hoffmann e pensado para o disfrute de nenas, nenos e persoas adultas. No espectáculo emprégase a música que creou Tchaikowsky. O espectáculo está producido para monicreques de mesa con manipulación mixta (siluetas, bocóns, obxectos e outros). Para toda a familia.

19.30h. 3, 2, 1... Teatro Ghazafellos. Presentación da nova montaxe desta compañía ferrolá especialista en montaxes para público infantil e familiar.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

11.30h. Contacontos Científicoso: As mellores vacacións do Rei Neptuno. Esta sesión de contacontos é algo especial. Ten unha historia que contar, como todos os contacontos. Pero tamén un ilustrador que fará que os asistentes se poñan literalmente na pel das persoaxes. E todo adornado con boa música. A Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia demostra que a ciencia pode ser moi, pero que moi divertida. A autora e narradora da obra, Luisa Martínez Lorenzo, é investigadora científica. Ou mellor dito, científica.

12h. A familia Pindirico. Dinamo Teatro. Espectáculo cómico para todos os públicos,

que nos conta as aventuras e desventuras dunha atípica familia que ten como obxectivo vital «montar un circo». As tentativas e as súas dificultades provocarán as gargalladas do público. Intérpretes: Felipe Díaz Valle «Caxoto», Pedro Brandariz e Carmen Coteló.

12.45h. O pan de millo. Migallas Teatro. Este libro disco publicado por Kalandraka e dirixido a público familiar en que Migallas Teatro reúne 14 cancións infantís e versións de temas tradicionais que interpreta nos seus espectáculos e actividades de expresión dramática. Os arranxos e adaptacións están feitos por Magoia Bodega e Paulo Nogueira, músicos e educadores, membros do grupo Treixadura e moi vencellados a proxectos de divulgación da música galega tradicional. Co proceso de elaboración do pan de millo como fío condutor, este traballo está pensado para seguir practicando o xogo e a diversión, recuperar a memoria dos avós e avoas, e contribuír á transmisión da lingua.

13.30h. Ímpreun. Un espectáculo de Pistacatro que descubre ao espectador a vida interior do circo a través das vivencias dunha troupe de 7 artistas. As pequenas aventuras cotiás destes seis personaxes teñen como intención levar ao público a participar dunha viaxe polo mundo das relacións en grupo, unha visita polos valores do circo: a amizade, a familia, o traballo en comunidade, a solidariedade e a cooperación. E, como non, malabares, acrobacias e clown.

16.30h. Os tres TENEdeORES. Neste espectáculo para público infantil xógase co coñecemento sobre as distintas familias de instrumentos, estilos musicais máis relevantes, instrumentos de refugallo, variadas coreografías...ofrecéndoo dun xeito divertido, didáctico e orixinal, onde os rapaces e rapazas serán tamén os protagonistas principais do espectáculo. Participan os actores: Saúl Cacharrón Carril, Paco Nogueiras Nodar e Martín Nogueira Balseiros.

17.30h. Conto *O raposo e a mestra coa música de Cé Orquestra Pantasma.* O autor Manuel Rivas cóntalle este conto (Edicións Xerais) a nenos e nenas. Pero non estará só senón acompañado dun home orquestra de nome Cesar Freiría, máis coñecido como Cé Orquestra Pantasma. El será o encargado de darlle son a este conto.

18.30h *O Gatuxo.* Presentación do novo proxecto músico-teatral de Magín Blanco para bebés. Neste acto participarán, ademais do músico, María Faltri, Jorge Juncal e Raquel Queizás, que interpretarán cancións para o público infantil.

19.45h *O meu maravilloso sombreiro (Edicións do Cumio).* Presentación das cantigas en galego e xaponés que acompañan a este conto, de Akiko Ishihara e Suevia Sobral. Unha guitarra, un pouco de animación e remataremos a tarde falando en galego-xaponés.

DOMINGO 1 DECEMBRO

11h. Encontro con Tanxarina: Os bonecos de Tanxarina falan galego. Estrea. Tes curiosidade por coñecer dunha forma directa o traballo dun titiriteiro e que é o que fai unha compañía de teatro? E se todo isto cho conta un boneco? Os integrantes de Tanxarina, compañía con máis de trinta anos de andaina, percorren de maneira didáctica e divertida a súa propia historia ao tempo que responderán ás preguntas do público: Que é un títere? Como se move e como fala? Hai alguén, por detrás, manexándoos?

12.15h. Contos e outras andrómenas. Sesión de contacontos de Pedro Brandariz para nenas e nenos de 0 a 99 anos. Contos de animais, contos de veciñas e veciños, contos de sempre, contados desde unha perspectiva cómica e lúdica para todas as idades.

13h. Pedaciños de ceo. Presentación deste disco vinilo (si, vinilo!) cheo de exploración, paisaxes sonoras e viaxes editada pola Aula Folque Infantil (AFI) de Pontevedra, que celebra o seu décimo aniversario. Non se trata dunha compilación de cantos infantís, senón dunha serie de momentos musicais nos que adultos e crianzas danse a man en equilibrio. Durante a presentación do vinilo, director musical José Manuel Díaz e mestres cos alumnos da AFI que participaron na gravación recrearán algúns dos temas.

16.30h. Presentación do libro de Rafael Fernández (Ir Indo)

17h. Contacontos Triqueta Verde.

Presentación dos novos títulos «Chímpate Pepal!», «Paolo e o misterio da Cerdeira» e «Os Lunares de Lola» cunha sesión de contacontos a cargo da grande actriz e narradora Paula Carballeira.

18h. Cartas que veñen e van. Susa Herrera e Gloria Roel (de Mamá Cabra), acompañadas dun pianista, interpretarán, e bailarán, algúns dos temas do seu novo libro-disco en formato álbum, publicado por Galaxia, *Cartas que veñen e van*, un libro-CD polo que desfilan musicais elefantes, osos polares, lobiños, polos, vacas...e outros animais con ganas de cantar e de vivir aventuras e que garantiza horas de lecer da man do ritmo festeiro das músicas e letras de Susa Herrera e Mamá Cabra, dous nomes referentes dentro do ámbito da música infantil no noso país.

19h. Tambo. Presentación das cantigas que acompañan este conto multimedia de Laura García e Victor A. Castro (Edicións do Cumio). Ademais, proxección de videos stop motion, karaoke e danzas coreografiadas. Música, lingua, ecoloxía, narración, danza, video. Todo nun proxecto no que colaboran músicos e escritores de todo o país. Ollo: Tambo é o nome dunha tartaruga de Marín que ten moito que ver co proxecto.

ESPAZO TECNOLOXÍA

VENRES 29 NOVEMBRO

12.30h. Microtaller «Alí e os Macapún».

Neste obradoiro de animación á lectura imos ler en voz ben alta o relato de «Alí e os Macapún», de Paula Merlán (Enxebrebooks), acompañados con materia audiovisual que nos facilitará a comprensión da historia. Posteriormente a través da Mochila Viaxeira nenas e nenos terán que programar unha viaxe e pensar en todos aqueles obxectos que levarían consigo. O obradoiro, que incide na formación en valores e nos hábitos de alimentación saudables, está pensado para nenas e nenos a partir de 5 anos.

18h. Sacauntos. Presentación do servizo de imprenta dixital desta empresa na que se abordarán as ferramentas utilizadas e ofreceranse consellos para o tratamento de arquivos. De especial interese para deseñadores, editores, maquetadores, etc.

19h. Presentación da plataforma internacional de micromecenado literario en liña ITH. Proxecto de plataforma internacional de crowdfunding de proxectos literarios desenvolvida co obxectivo de crear unha comunidade libre e aberta de lectores, que produza, co seu funcionamento, produtos literarios demandados pola comunidade virtual. É un proxecto apoiado polo Ministerio de Cultura estatal e a Deputación de

Lugo. Promovida desde a Fundación Uxío Novoneyra, a presentación contará con varias microintervencións que nos darán a coñecer os proxectos literarios que botan man da plataforma www.ithcrowdfunding.org.

20h. Bravú XX. Decatáchedesvos de que o movemento musical *bravú* fixo xa vinte anos? Con Xurxo Souto de mestre de cerimonia e acto será un avance do que vai ser o proxecto Bravú XX.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. Memoria de Sada. Presentación do proxecto on line de arquivo fotográfico da historia de Sada creado por sete cidadáns, despois de participar nun curso de alfabetización dixital. Contarán como se levou a cabo a actividade e como o proxecto evolucionou até as máis de 1.200 fotografías que ten na actualidade, sen recursos económicos. A experiencia dun grupo de persoas anónimas organizadas facendo e difundindo cultura.

12.30h. Agasallo. A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua presenta a *Guía de regalos en galego en liña*. Agasallo pretende ser unha plataforma en liña que compile, difunda, dea a coñecer e recomende agasallos en galego de diverso tipo, para todas as idades e para todo tipo de acontecementos e épocas do ano. A idea é que cando unha persoa queira

facer un regalo poida acceder a Agasallo e buscar aí ideas e propostas, que poderá consultar por tipo, idade da persoa á que vai destinado, prezo, etc., e atopar información completa sobre o produto e onde mercalo. A característica común dos distintos produtos que haxa en Agasallo é que sexan produtos ou servizos agasallables e que estean ou se presten en galego. www.agasallo.eu

13.30h. Presentación libro-disco Caxade. O músico Alonso Caxade introdúcenos na parte visual do seu traballo discográfico que presenta en directo no Espazo Carpa pola tarde.

17h. Off Culturgal 9x9. Nove ideas e nove minutos para presentar cada unha delas. A revista dixital de tendencias Disquecool repite colaboración con Culturgal, na procura de proxectos de ámbito galego do campo da creación: deseño (de produto, web, de moda...), edición, audiovisual, ilustración, música, proxectos sociais, arquitectura, fotografía, arte, gastronomía, etc. Cada intervención irá acompañada dunha presentación de 18 diapositivas, de 20 segundos cada unha, que se sucederán automaticamente mentres a persoa fala. «Non procuramos o Google galego, nin a idea que cambiará o mundo dos negocios: queremos ver amor polo teu proxecto, talento, ideas, proxectos creativos, innovadores, emocionantes ou inspiradores», din en Disquecool.

19h. Presentación Concertos TAC 3.0. Unha proposta nova do sempre sorprendente

Taller Atlántico Contemporáneo. Un ciclo de cinco concertos entre xaneiro e maio de 2014 a prezo «low cost», en directo dende o Teatro Principal de Santiago de Compostela, retransmitidos en streaming, para que os abonados emitan en tempo real nun espazo concreto e con conexión a internet (casas da cultura, teatros, cinemas, salas, lugares peculiares) cun son e imaxe de calidade.

20h. Estruming days. Presentación de encontros interprofesionais dirixidos a empresas e entidades que dinamicen económica e socialmente o rural e a súa cultura, ben sexa dende a aldea, ben sexa dende a cidade. Trátase dun espazo de encontro, formación e intercambio entre profesionais de diferentes sectores e áreas: dende criadores de galiñas de curral, agricultores ecolóxicos, enólogos, deseñadores, arquitectos, dinamizadores, cocineiros, hostaleiros, guías turísticos, informáticos, investigadores, gandeiros... para cruzar disciplinas e promover talento e innovación e a co-produción de proxectos.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Presentación da cooperativa GZi de Cultura Libre. GZi é unha Cooperativa de Cultura Libre que xorde do tecido asociativo e creativo en Galiza. Aúna liñas de I+D+i tan diversas como a arte, tecnoloxía, metrópole ou antropoloxía. Trata de consolidar os vínculos entre estas disciplinas apostando

por unha opción de desenvolvemento e continuidade baseados na colaboración e a autosustentabilidade; garantindo as liberdades propias, de uso e produción, da Cultura Libre. Explicarán algunhas das súas actividades e proxectos: adlantida.tv como server TV libre ou a participación no proxecto Laboratorio del Procomún de Medialab Prado.

13h. Presentación proxecto web Cemiterios históricos. Poden ser os cemiterios un recurso turístico de importante atractivo? A empresa Etnoga presenta unha innovadora plataforma web multilingüe con funcionalidades para a divulgación do patrimonio funerario, potenciando o seu uso como recurso turístico. Búscase o achegamento da poboación á cultura da morte, pero tamén á morte na cultura, tal como explicará no acto a historiadora da Arte Carmela Sánchez Arines.

13.30h. O primeiro xoguete do Xabarán Club. A empresa Galileo Nenos en colaboración coa TVG presenta un xogo que pretende ser un grande acompañante para as admiradoras e admiradores do porco bravo máis popular do país. A Escola de Escritura con Xabarán, dirixido a rapazada entre 3 e 6 anos, non descoida a vertente didáctica ao tempo que presenta o xogo dun xeito divertido.

17h. Presentación do libro *Baixo a lona preta. Xornal de viaxe dun brigadista na Bahía do MST* de Xosé García Rodríguez. O libro, publicado por Editorial Estaleiro,

está vinculado ao proxecto Xanela aberta ao Sur, un programa educativo no que a Asociación Galega Amarante Setem para o ecodesenvolvemento leva traballando doce anos. O autor Xosé García Rodríguez e a coordinadora do programa Estefania Elexpuru Boullosa, participan neste acto no que haberá oportunidade de degustar produtos de comercio xusto.

18h. Foro sobre financiamento colectivo ou crowdfunding. Debate e intercambio de experiencias sobre o financiamento colectivo e a publicación de proxectos culturais mediante licenzas libres Creative Commons. No contexto económico actual un volume cada vez máis importante de promotores e artistas identifica o «crowdfunding» como unha solución viable para financiar os seus proxectos creativos. Mostraranse casos de éxito así como a normalización dos termos «financiamento colectivo» e «licenzas libres». Analizarase o caso práctico: «Falta Fai: O himno informal da feira do San Martiño». Promoven o asesor en educación e tecnoloxías Pablo Nimo e o experto en ordenación territorial Davild Santomil.

19h. Presentación da Asociación Cultural Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego. O colectivo traballa a prol da recuperación da memoria sobre os títeres e as festas tradicionais, a traballar a comunicación interxeracional, a posta en valor do coñecemento dos maiores e a estimular a investigación histórica e familiar na sociedade. Co fin último de

acadar a súa revitalización e a recreación da figura de Barriga Verde. Para isto, promoverase o desenvolvemento de novos produtos culturais co títere tradicional como protagonista. Participan no acto Anxo García, Xaime Iglesias e Germám Hermida.

ESPAZO CINEMA

Un cine con capacidade para 50 persoas para gozar das últimas producións galegas, con tempo para o coloquio e diálogos cos seus artífices. Os novos formatos protagonizan o Maratón de webseries na tarde do sábado 30.

VENRES 29 NOVEMBRO

16h. A linguaxe dos bosques. Curtametraxe. A visión tradicional das plantas considera que teñen unha limitada ou nula interacción co seu entorno que non chega máis alá de diferenzas no crecemento en función das condicións ambientais máis ou menos favorables. Nesta peza audiovisual móstrase que as árbores, en concreto os piñeiros, non só detectan os ataques dos herbívoros, senón que son quen de reaccionar e avisar aos seus semellantes do perigo. Guión e idea orixinal: Rafael Zas e Luís Sampedro (Misión Biolóxica de Galicia-CSIC) Coordinación: Luisa Martínez (Unidade de Cultura Científica-CSIC) Realización: Inxenía Audiovisual

Financiado pola FECYT e coa colaboración da Fundación Barrié. Duración: 12 minutos

Rafael Zas, investigador do CSIC, e Luis Sampedro, investigador na Misión Biolóxica de Galicia-CSIC

16.30h. Presentación documental *Uxío Novoneyra: poeta alén.*

Unha exploración das múltiples facianas do vate da terra, alén de numerosos tópicos que lastran a súa figura. Novoneyra é esencial para comprender a historia da Galicia contemporánea, da que el foi á vez testemuña e mais protagonista.

Dirección: Iván L. Gimeno. Entrevistados: Miguel Ánxo Fernán Vello / Antón Patiño/ Carlos Oroza / Herminio Barreiro/ Kike Benlloch / Xosé Luís Méndez Ferrín / David Rubín / Cesáreo Sánchez / Xosé Manuel Beiras, [...] Música: / Xoel López. Produción: / Álvaro Liste

Produtora: GSeis audiovisuais Ano: 2013. Duración versión Culturgal: 20 minutos Participan Ivan Gimeno, director, e Álvaro Liste, produtor, que introducirán unha versión reducida do documental para Culturgal.

17h. *Pacios. As fotos da memoria.*

Documental
Documental de autor sobre o proxecto fotográfico de Toño de López na aldea de Pacios (O Incio) no ano 2011. Toño desprázase a Pacios para fotografar aos

últimos veciños cunha vella cámara de placas. Alén do proxecto artístico en si, a experiencia supón un reencontro coa memoria persoal e familiar. Coloquio posterior con Manuel Darriba, guionista e director, e Toño de López, protagonista principal.

Dirección e guión: Manuel Darriba. Directora artística: Cora Peña. Produtora executiva: Comba Campoy. Produtora: Tintimán Audiovisual. Data de remate: 2011. Duración: 66 minutos

Asisten Manuel Darriba, guionista e director, Toño de López, protagonista principal

18.30h. *Os increíbles.* Documental.
Ala Rota, a Dama de Ferro e a Muller radioactiva son tres heroes cotiáns que sofren as adversidades e combaten aos malvados: a morte, o desamor e a soedade. Eles nunca baixan a cabeza, nunca se dan por vencidos, por iso son heroes. O director David Valero fala da película como «a historia persoal e íntima destes tres seres cotiáns que nunca imaxinaron que a vida disfrazada de traxedia podería cambiar o rumbo dos seus destinos. Ninguén está a salvo dela, as veces tan fermosa e outras tan destrutiva. Os increíbles son todas aquelas persoas que sofren ou padeceron os golpes cos que as veces castíganos a vida e que teñen a teimosía e poder de seguir loitando até o final».

Guión e dirección: David Valero. Produtores:

Luisa Romeo, Juanjo Giménez. BSO: Vincent Barrière Montaxe: Aurora Sulli. Dirección de arte e animación: Miguel Esteve. Xefe de produción: Sergio Frade. Axudante de dirección: Adán Aliaga. Deseño de son: Cinemar Films
 Produtora: Frida Films. Duración: 86 minutos

Asisten Luisa Romeo e Sergio Frade, produtores executivos.

Duración: 86 minutos

SÁBADO 30 NOVEMBRO

12h. A tropa de trapo. Animación
 Nominada aos «Goya» 2011 como mellor longametraxe de animación, *A Tropa de Trapo no País Onde Sempre Brilla o Sol* conta en 3D a historia da divertida e pequena vaca Mumu para conseguir o seu soño: converterse nunha gran estrela. *A Tropa de Trapo* é unha historia na que se combinan, armónicamente, os dous aspectos fundamentais a ter en conta á hora de abordar as narracións para nenos: «deleitar» e «ensinar». As personaxes, animais de trapo, amigos leais, conseguen a risa do público e forman en valores necesarios para o crecemento de nenos e nenas. A película está dirixida ao público familiar, sendo os seus destinatarios naturais cativas e cativos entre 2 e 6 anos.

Dirección: Alex Coll. Guión: Lola Beccaría
 BSO: Zeltia Montes.

Produtora: Abano Producións. Duración: 84 min

Asiste Chelo Loureiro, produtora executiva

Maratón webseries

16.30h. Fame. Webserie

A viaxe de Eme e Uve interrómtese ao anoitecer por culpa do seu coche. Vense forzadas a pasar a noite nunha casa rural. Alí pasarán unha madrugada de festa desenfreada. Alcol, sexo e rock'n'roll. *Fame* é unha webserie galega, escrita e realizada en galego, por novos creadores, técnicos, actores e músicos galegos. O proxecto nace da man de alumnos e profesores de Comunicación Audiovisual da Universidade de Vigo. A segunda temporada, *Sede*, está en proceso de preprodución. En decembro estrearáse o seu *teaser* que consistirá nun videoclip dunha banda galega aínda por concretar. A preestrea, en Culturgal.
 Directora: Anxos Fazáns. Duración: 7 minutos

Asisten: Anxos Fazáns, directora e guionista, Silvia Fuentes, produtora, e Jorge Medal, produtor
<https://www.facebook.com/Famewebserie>

17h. PIB. Webserie

Unha webserie cómica que nace no seo da asociación cultural «Os Ghairas», cos personaxes de Richi e Maxi como protagonistas. Eles din: «O Produto Interior Bruto é a riqueza dun país. Estamos convencidos de que a riqueza (e a beleza) está no Interior. Apostamos polos

comportamentos, actitudes, testemuños e anécdotas que conforman a nosa idiosincrasia. Aquelo que nos fai auténticos, impermeables ás contaminacións externas, pero ao mesmo tempo que teñen en común a parte máis natural do noso comportamento». Director: Mighele de Currás Proxéctase o primeiro capítulo. Duración: 10 minutos

Asisten Mighele de Currás, director e coguionista, e Héctor Casas e Alfonso Míguez, coprotagonistas e coguionistas <https://www.facebook.com/PIBserie>

17.30h. Clases de lo social. Webserie Esta webserie conta cun elenco artístico ben coñecido para a audiencia galega con actores como Carlos Blanco, Xulio Abonjo ou Monti Castiñeiras. Gravada en Pontevedra, co Instituto Sánchez Cantón como escenario principal, o argumento céntrase en ofrecer consellos prácticos sobre a vida que van dende o trato que se debe manter con descoñecidos ata como ligar nun bar de copas.

Dirección e produción executiva: Pablo Cacheda de Paz. Xefe de produción: Pablo Fernández Villaverde. Equipo artístico: Avelino González, Carlos Blanco. Monti Castiñeiras, Santi Romay, Xulio Abonjo, Sabela Arán, Bernardo Fernández. Proxéctase un capítulo. Duración: 9 minutos

Asisten Pablo Cacheda de Paz, director, Pablo Fernández Villaverde, director de produción e Santi Romay, actor protagonista. <http://www.clasesdelosocial.com>

18h. El Quid. Webserie

Un thriller ambientado nos anos cincuenta e gravado na provincia de Ourense. Samuel Casanova aparece morto na casa de baños que rexenta xunta a súa parella e o seu irmán, entre outros. Agora, todas as personas achegadas que lle rodeaban son sospeitosas do misterioso crime. Pero só unha é culpable. Dirección: Bruno Nieto e Raúl García. Equipo artístico: Antonio Mourelos, Camila Bossa, Monti Castiñeiras, Sabela Arán, Alejandro Carro, Alfonso Míguez, Carlos Pérez, Mercedes Varela, Xabier Estévez, Manu Lourido, Soraya Paradela y Lino Braxe. Proxéctase un capítulo. Duración: 9 minutos

Asisten Xavi Leiro, axudante de dirección e Andrea Lorenzo, directora de arte <http://www.elquidlaserie.com>

18.30h. Angélica e Roberta

Angélica y Roberta son dúas tías amigas dende o colexio que con trinta anos e ao máis puro estilo Apartamento para tres, As Chicas de Ouro ou Flight of the Conchords, vanse a vivir xuntas a unha casa con horta que unha delas herda dos seus avos. As súas creadoras: Sonia Méndez Alonso e Sandra Lesta Chapela recibiron o premio Mestre Mateo 2013 á mellor serie na web. Proxéctase un capítulo. Duración: 15 minutos

Asisten Sonia Méndez e Sandra Lesta, creadoras, guionistas e actrices www.angelicayroberta.com

19h Entre pipas

Escrita e dirixida por Jorge Cassinello, a serie conta coa participación protagonista dos recoñecidos actores: Luis Zahera e Xulio Abonjo. Vai pola terceira temporada e xa se gañou a confianza de milleiros de seguidores. É unha historia de amizade contada a base de situacións cotiás, nas que un banco e os paquete de pipas xogan un importante papel. Proxéctase un capítulo. Duración: 7 minutos

Dirección e guión: Jorge Cassinello.

Produción: Jorge Cassinello, Patricia Arias, Fabiana Rizzi. Equipo artístico: Luis Zahera, Xulio Abonjo, Carolina Bang, Marta Belmonte, Juan Carlos Moya, David Bendito. Proxéctase un capítulo. Duración: 7 minutos
Asiste Xulio Abonjo, actor
www.entrepipas.com

19.30h. El viudo quiere mimos

Quique é un viuvo compostelán cuxo incandescente, luminoso e lamentable amor á súa difunta parella queda retratada en El viudo quiere mimos: unha nova webserie gallega que engade un punto de humor negro ao panorama deste formato en Galicia. Para gozar chorando.

Director: Javi Camino. Productora: Magnetova
Proxéctase un capítulo. Duración: 14 minutos
Asisten Enrique Lojo, actor e guionista, Fran Carballal, guionista, Daniel Villaverde, actor e Javi Camino, director.
www.elviudoquieremimos.com

20h. Canillejas.

Unha webserie de época que aposta por unha temática totalmente distinta ao resto de webseries que se producen na

actualidade. Unha mirada irónica, satírica e moi aceda do século dezanove dende o século vinte e un. Os protagonistas son, Don Leopoldo de Sagasta y Hannover e Don Lucio de Canillejas y Canitrot. Cada domingo, Don Lucio vai á casa do seu grande amigo e compañeiro no partido conservador de Cánovas del Castillo, para parolar e debater dos temas máis dispares da realidade socio-política do país. A rutina será interrompida pola chegada do aparello Elektrovisor.

Dirección: Manuel Barreiro. Equipo artístico: Pablo Fontenla, Moncho Bazarra, Francisco Paz Galbán, Mara Sánchez, David Perdomo e Tacho Gonzalez.

Proxéctase un capítulo. Duración: 7 minutos
Asisten Manuel Barreiro, guionista e director, e Pablo Fontenla, guionista e actor
www.canillejas.org

DOMINGO 1 DECEMBRO

11h. A última viaxe do afiador. Documental Armando Álvarez dedicou toda a súa vida o oficio de afiador. O 17 de Xuño de 2012, case oitenta anos despois do seu nacemento iniciará a que será a súa última viaxe. Este último andar non lle será alleo nin descoñecido xa que terá o mesmo itinerario que no ano 1954 cando partiu xunto con seu pai, cada un con unha roda de afiar, e con só 18 anos de idade da aldea de Sanxurxo (Ourense) con destino a Palencia, Burgos, Madrid... Esta é unha historia de homes e mulleres que percorreron o planeta na única compañía do xirar dunha roda
Dirección e guión: Aitor Rei. Productora:

Boneca Lareta. Duración: 63 minutos
Asisten Aitor Rei, director e guionista,
Miguel de Currás, director de fotografía, e
Laura Parro, produtora

12.30. Charles White in London. Documental
«Un round trip, unha road movie, a crónica
filmada de 7 días coa nova emigración galega
en Londres. Comida, imaxes roubadas,
conversas, choiva, morriña, pandeiretas,
risas e moitos taxis...». Así se presenta este
proxecto protagonizado polo actor Carlos
Blanco. Produtora: Co de tres pés
Asisten: Carlos Blanco, actor, e Marcos
Martínez, director de fotografía

16h. O instante eterno. Documental
Máis de dous anos de traballo de
Xosé Antón Cascudo para realizar este
documental sobre o seu veciño, o poeta
de Guitiriz Xosé María Díaz Castro,
homenaxeado no Día das Letras Galegas de
2014. «O autor de *Nimbos* pertence a esa
caste de artistas cun enorme talento que
logo como persoas pasan desapercibidas,
é dicir, que escriben só por necesidade
espiritual. Iso convérteo nun personaxe de
gran complexidade e con moitos enigmas»,
di Cascudo.

Asisten: Xosé Antón Cascudo, guionista e
director, e Alfonso Blanco, presidente da
Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz

17h Cambia de papel

Documental. O actor Luis Tosar cambia o
seu papel para poñerse detrás da cámara
como director. Da man da ONG Implicadas
no Desenvolvemento, Tosar viaxou a Támara
Nadu, na India, para impartir un obradoiro de

teatro. Unha experiencia que se converteu
nun documental con dirección colectiva,
que se constrúe a través de cartas que as
protagonistas dirixen a persoas reais ou
imaxinarias nas que, sen indicación previa,
relatan o que elas queren contar, ás veces,
historias dramáticas que transmiten coa
tranquilidade do cotiá.

Dirección: Luis Tosar, María Reimóndez,
Kutti Revathi. Produtora: Implicadas no
Desenvolvemento. Duración: 35 minutos
Asiste: Manuela Vázquez Coto, Secretaría de
Implicadas no Desenvolvemento

18h. Somos gente honrada. Ficción

Suso e Manuel, dous pais de familia e amigos
de toda a vida, non pasan polo seu mellor
momento. Tras chegar aos cincuenta, vense
sen traballo e sen cartos. Cando a situación
é practicamente insostible é cando sucede
o milagre: nun día de pesca, atópanse un
paquete con dez quilos de cocaína. Os dous
amigos deciden comezar a vender a droga
para conseguir saír da miseria que están
vivindo. Pero o dilema moral non é o seu
único problema: Que saben eles de cocaína?
O reparto está encabezado por Paco Tous,
Miguel de Lira, Unax Ugalde, Manuela Vellés,
Marisol Membrillo e un amplo elenco de
actores galegos, como Manuel Lozano,
Morris. Pico, Luisa Merelas, Ricardo de
Barreiro ou Luis Iglesias.

Dirección: Alejandro Marzoa. Produtoras:
Vaca Films e El Terrat. Duración: 85 minutos
www.facebook.com/SomosGenteHonrada

**12h. Actividade da Asociación Espazo
Lectura.** Salón de conferencias Pazo da
Cultura

OUTROS ESPAZOS CULTURGAL

VENRES 29 NOVEMBRO

11.30h. Obradoiro infantil de construción de escenografías. Imparte a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD)

20.30h. Happy End. Voadora. Unha peza de microteatro ideada para un espazo íntimo. Happy End é un pequeno conto sobre o amor, unha microcomedia romántico-musical ao estilo Voadora. A compañía Voadora, con Marta Pazos, Jose Díaz e Hugo Torres acaba de recibir o Premio da Crítica das Artes Escénicas e Audiovisuais. Será a encargada de poñer o «final feliz» á xornada de Culturgal 2013. Entrada á sala de exposicións do Pazo da Cultura desde o hall.

SÁBADO 30 NOVEMBRO

11.30h. Titiricicleta. Un proxecto ecolóxico, solidario e dunha grande beleza. E, ademais, itinerante. O contacontos Anxo Moure propón unha experiencia na que os títeres, construídos por cooperativas de comercio xusto, viaxan sobre un triciclo alemán. Unha maneira sostible de levar historias polo mundo adiante e, por suposto, ao longo e ancho da Feira.

17h. Gústame o galego. O fotocoll da campaña da Coordinadora de Traballadores pola Normalización Lingüística estará en Culturgal de novo. Foto obrigada para todas as persoas que visiten a Feira. Unha campaña iniciada o pasado ano en Culturgal, que celebra o seu primeiro aniversario tras

conseguir que milleiros de persoas «gusten do galego».

20.30h. Happy End. Voadora. Unha peza de microteatro ideada para un espazo íntimo. Happy End é un pequeno conto sobre o amor, unha microcomedia romántico-musical ao estilo Voadora. A compañía Voadora, con Marta Pazos, Jose Díaz e Hugo Torres acaba de recibir o Premio da Crítica das Artes Escénicas e Audiovisuais. Será a encargada de poñer o «final feliz» á xornada de Culturgal 2013. Entrada á sala de exposicións do Pazo da Cultura desde o hall.

21.30h. Concerto Kepa Junkera. Presentación en exclusiva do disco «Galiza». O gran músico vasco presenta disco (Do Fol-Boa Records) e faino en Culturgal rodeado dunha chea de colaboradores galegos cos que mantén unha estreita relación tendendo pontes entre o sons galegos e os vascos, especialmente na fusión co acordeón diatónico. Participan no disco Susana Seivane, Cristina Pato, Budiño, Banda das Crechas, Leilía, Luar na Lubre, Davide Salvado, Uxía, SondeSeu, Xabier Díaz, Treixadura, Os Cempés, Pandereteiros de O Fiadeiro o Radio Cos, entre outros. A moitos deles poderemos velos no escenario do Pazo da Cultura.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Toc Toc. O cantante Pablo Díaz interpretará temas do seu libro-disco Toc Toc (Galaxia). Neste espectáculo infantil non caben os malos rolos, só ao compañerismo, a amizade, o respecto ao medio ambiente, a protección dos animais, etc. Auditorio Pazo da Cultura

13h. Fitness. Ibuprofeno Teatro. Un espectáculo itinerante no que a pallsa Marián Bañobre percorre en bicicleta os espazos públicos facendo deporte en todas as súas variedades, interaccionando e captando a atención dos transeúntes, que se verán trasladados a situacións fóra da dinámica cotiá.

17h. Xango. Talía Teatro. Auditorio Pazo da Cultura. A historia dun home engulido pola súa tablet. Ademais de proporcionar diversión, o espectáculo aborda os usos e abusos no mundo cibernético. Dirixida por Diego Rey, a obra está interpretada por Dani Trillo e Toño Casais. Un espectáculo de mimo e clown dirixido a público entre 7 e 12 anos.

Ademais durante os tres días de Culturalgal terán lugar varias exposicións dentro do recinto.

CULTURGAL DE PORTAS PARA FÓRA

VENRES 29 DE NOVEMBRO

21.30h. Snakizados. Áncora Producións. Teatro Principal. Baixo a dirección de Ánxela G. Abalo, está interpretada por Gustavo Pernas. Trátase da última parte dunha triloxía de fábulas contemporáneas escritas polo actor e autor. A comedia leva á escena a eterna dúbida existencial e hamletiana de ser ou non ser e ofrece ao espectador unha reflexión sobre a destrución do estado de benestar e o modo de entender a democracia.

22.30h. Concerto Zénzar. Sala Karma. O grupo de Cerceda celebra o seu 25

aniversario enriba dos escenarios de maneira ininterrompida facendo rock en galego Zénzar son: Manolo García, batería, Mario Grela, guitarra, Paco Cerdeira, guitarra, José Antonio Regueiro, baixo e Xosé A. Bocixa, voz.

SÁBADO 30 DE NOVEMBRO

12h. O príncipe e o parrulo. Teatro Principal. Baixo a dirección de Alex Díaz, Eme2 presenta unha pequena historia, tan pequena que só precisa un castelo, unha árbore e unha casa para ser contada. Pero esta pequena historia fala de cousas moi grandes. Nela, dous pequenos personaxes descubren que non hai nada tan divertido como ter alguén con quen compartir, con quen xogar. Decátanse que non hai nada tan grande coma un amigo. Espectáculo de títeres recomendado a partir de 3 anos.

DOMINGO 1 DECEMBRO

12h. Concerto para 111 bicicletas. Taller Atlántico Contemporáneo. Neste concerto os instrumentos serán as buguinas das bicicletas, que interpretarán a peza Eine Brise, de Mauricio Kagel. Tras un traxecto en bicicleta pola cidade, a execución da peza terá lugar nos aledaños do Pazo da Cultura, cos ciclistas formando unha ringleira e executando as instrucións do TAC. En breve, información sobre a inscrición e localización da actividade.

20.30h. O país do Pato Donald. Compañía Lagarta Lagarta. Teatro Principal. Os actores Ernesto Chao e Rosa Álvarez poñen en pé esta obra que mostra as lembranzas e presente dun vello profesor de literatura xunto coa súa muller. Estrea en Pontevedra

SERVIZOS NA FEIRA

Culturgal pretende ser unha experiencia única para todas e todos aqueles que participan dela: expositores, artistas, empresas, públicos, etc. A organización de Culturgal sabe que para acadar este obxectivo, o recinto do Pazo da Cultura ten que ofrecer unha serie de servizos que fagan gratificante a visita á gran cita da cultura do país.

A Tenda Culturgal é xa un espazo de referencia dentro da Feira. Xestionada por profesionais do libro, a tenda ofrece un amplo catálogo de produtos culturais, sendo as edicións impresas as protagonistas. A Tenda é un escaparate magnífico para as novidades e para facernos unha idea do dinamismo e creatividade da actividade cultural hoxe en día en Galicia

Así mesmo o público atopará **servizos de restauración para poder comer e beber** mentres goza de Culturgal. Nun ano no que, ademais, a Feira non pecha a mediodía, a organización non quere descoirdar este aspecto para que a experiencia de vir a Culturgal sexa completa.

Ti contas no Culturgal.





CULTURAL GAL

FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

ORGANIZA



PATROCINAN



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONSELLARÍA DE CULTURA



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA
Concello de Pontevedra



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE CULTURA

COLABORA



Deputación
Pontevedra

WWW.CULTURALGAL.COM